



C.E.P.
PLURILINGÜE
DE
RIOMAYOR



PROGRAMA DE FORMACIÓN
OBSERVA- ACCIÓN





CONTIDOS

1-Introducción, xustificación	3
2-Descrición do traballo desenvolvido en formación e innovación nos últimos anos.....	4
3-Xustificación para o curso 2022-23.....	6
3.1-Motivación para participar.....	6
3.2- Xustificación da/das liñas de traballo incluíndo unha proposta de cambio.....	7
3.3- Proxecto Educativo.....	8
3.4 -Participación en actividades de divulgación.....	12
4-Participantes.....	12
5-Experiencias, premios e participación en proxectos institucionais.....	13

1. INTRODUCCIÓN

O noso centro aposta polo desenvolvemento das competencias do profesorado mediante diversas actuacións formativas e consideramos moi importante a observación e o intercambio de información na acción educativa .

Deste xeito o profesorado pode observar in situ os procesos de aprendizaxe dos alumnos/as, fomentando o traballo en equipo entre profesores e levando a cabo proxectos conxuntos e integrados.

O CEP PLURILINGÜE DE RIOMAIOR leva 8 anos traballando de cara a innovación e está aberto a estudar, indagar e involucrase en todo o que xire en torno a formación do profesorado para poder a posteriori implementar no centro.

Por outra banda non queremos desaproveitar esta nova oportunidade de poñer o noso centro a disposición dos demais centros para ser punto de observación e aprendizaxe e á vez ser nós os que poidamos mergullarnos noutros contextos de aprendizaxe para poder aportar novas perspectivas ao noso centro.

CEP de Riomaior está ubicado nunha contorna privilexiada na Enseada de San Simón. A medio camiño entre Vigo e Pontevedra e no medio rural e litoral.

Conformamos un claustro de 13 mestres/as, somos plurilingües en art e Educación física e contamos con auxiliar de conversa.

Coidamos que temos moito que aportar a outros centros e tamén que aprender doutros compañeiros e compañeiras.

O noso centro conta cun proxecto educativo moi sólido e estruturado conferindo unha globalización ao traballo que se desenvolve nas aulas.

✚ 2. DESCRIPCIÓN DO TRABALLO DESENVOLVIDO EN FORMACIÓN E INNOVACIÓN NOS ÚLTIMOS ANOS.

Nestes últimos anos o centro estivo desenvolvendo formación en diferentes ámbitos tanto no eido dixital como no traballo integrado das linguas, emprendemento, traballo cooperativo, mellora dos patios escolares, PLAMBE, aplicacións informáticas, KOHA, reciclado e economía circular, educación para a saúde, benestar emocional, habilidades sociais e avaliación.

No centro levamos a cabo diferentes proxectos de innovación como :

✚ Contratos Programa

- ✓ CP INCLUE (IGUALATE, CONVIVE, INCLUETE, EMOCIONATE)
- ✓ CP INNOVA con edu-excelencia, edu-saúde, edu-sostenibilidade

✚ Plan Proxecta

- ✓ Aliméntate
- ✓ Paisaxe e sostenibilidade
- ✓ Mobilidade sostible

✚ E-twinning cos países Turquía e Grecia.....

✚ School to School con colexios da India

✚ Revitalízate

✚ Atrévete...

✚ Erasmus plus K101

✚ Plan director

Ademais levamos a cabo un proxecto de dinamización lingüística, biblioteca creativa, contamos con radio escolar.

No noso Proxecto Educativo, propomos unha educación de calidade para todo o alumnado, baseada no principio do esforzo e na participación activa e efectiva de todos os sectores que compoñen a comunidade educativa, a través das canles regulamentarias establecidas, mantendo sempre unha política de diálogo e equilibrio entre eles.

A especificación dos obxectivos preferentes que pretendemos conseguir no curso 2022-2023 aparece contida nos PLANS ESPECÍFICOS seguintes:

- Plan de acción tutorial**
- Plan Anual de Orientación**
- Plan de atención á diversidade**
- Plan anual de lectura**
- Plan dixital**
- Plan de actividades extraescolares**
- Programa plurilingüe**
- Proxecto e - Twinning**
- Proxecto lingüístico**
- Proxecto integrado das linguas (TIL)**
- Plan de Autoprotección escolar**
- Plan Proxecta**
- Contratos Programa**
- Plan Alerta Escolar.**
- Plan director**
- Atrévete**
- Revitalízate**
- Erasmus K101**
- Plan de formación PFPP**
- School to school**
- Plans de acollidas**

Si por algo destaca este centro e:

- Pola cohesión do claustro que aínda que non é estable conséguese en base a documentación e proxecto educativo do centro que todo aquel que chega se incorpore á liña de traballo que ten o centro.

- Por o sistema de avaliación docente.
- Pola participación das familias e alumnado

3. XUSTIFICACIÓN PARA O CURSO 2022-23



✓ 3.1 MOTIVACIÓN PARA PARTICIPAR

O noso centro é aberto e flexible sempre disposto a beber de todas as fontes que aporten unha mellora na práctica educativa e benestar do noso alumnado. As diferentes observacións (jobshadowings) que os mestres e mestras do noso centro levan feito ata o de agora como en centros de Canadá grazas ao programa PALE no que estivo desenvolvendo a mestra de inglés, ou a visita a centros de Malta, Roma e Finlandia, grazas aos Erasmus + aportounos outro enfoque nalgúns dos aspectos da nosa organización e metodoloxía que repercutiu moi favorablemente no benestar do noso alumnado e na calidade da nosa práctica docente. Algúns dos aspectos que xa modificamos aplicando o observado foron:

- ↪ Modificación dos horarios para flexibilizar a xornada incorporando un descanso de 10 minutos entre a segunda e terceira hora para poder dar opción a tomar alimento a nenos que non almorzan ou o fan escasamente e a dar liberdade de movementos especialmente a aqueles alumnos máis activos ou ao alumnado TDHA.
- ↪ Incorporación de botas e impermeable nos recreos para que poidan gozar do aire libre nos días de chuvia xa que estamos en Galicia e temos que adaptarnos a climatoloxía.
- ↪ O fomento do traballo por proxectos enfocados nas competencias.
- ↪ A educación emocional.
- ↪ Mellorar espazos e mobiliario aportando flexibilidade
- ↪ Traballo non centrado nos libros de texto priorizando a utilización de múltiples e diferentes ferramentas de aprendizaxe.
- ↪ Planificación de recunchos e actividades multinivel para atender eficientemente a diversidade do noso alumnado.
- ↪ Creación de espazos que axuden ao desenvolvemento das múltiples intelixencias e habilidades do noso alumnado como cociña, radio escolar con espazos de vídeo-gravación, espazos para traballos con materiais brandos como teas, las e fíos e outros como barro e madeira.
- ↪ Promoción das merendas saudables incluíndo os tres elementos fundamentais: carbohidratos, verduras e froitas e proteínas coa utilización de contedores con divisións.

O equipo directivo enriquece as súas opcións observando diferentes estilos de dirección de centros xa que aínda que existen protocolos definidos, normas de actuación e obxectivos definidos na lexislación aplicable a calquera equipo a metodoloxía, planificación e organización pode variar substancialmente así como os resultados acadados. Sempre se pode mellorar a xestión do liderado e do centro. Cada visita e observación lévanos a reflexionar e mellorar o noso traballo. Tamén cabe dicir que non sempre o que se vai observar é mellor senón que ás veces tamén vimos reforzados sabendo que aquí no noso colexio estanse facendo moitas cousas e que están ben feitas merecedoras de ser contadas noutras comunidades e países.

✓ 3.2 XUSTIFICACIÓN DA/DAS LIÑAS DE TRABALLO INCLUINDO UNHA PROPOSTA DE CAMBIO

A liña de traballo escollida será : **Competencia en innovación e investigación**

Teremos que deseñar, establecer e aplicar plans de mellora dos centros. Xestión de calidade

-Consideramos que cada curso debemos avanzar e nunca estancarnos así que os últimos días de curso facemos avaliación do traballo realizado e establecemos un plan de mellora para o curso seguinte. Todos os acordos quedan rexistrados ademais da memoria, na comisión pedagóxica e no PEC.

A valoración do traballo e erros ou dificultades condúcenos a un período de reflexión e priorización de obxectivos que nos facilita mellorar a calidade do ensino no noso centro en todos os aspectos.

-Analizar espazos e adecualos O plan de Arquitectura pedagóxica

O CEP plurilingüe de Riomaioir é un centro con moitas oportunidades así que desexamos seguir aprendendo para sacar partido dos amplos espazos cos que contamos no noso centro e diversificalos para atender as posibilidades de todo o alumnado á vez que creamos un lugar agradable onde todo o mundo se sinta acollido.

-Propoñer estratexias e ámbitos de intervención para promover a vida saudable.

Aínda que dedicamos todo o curso pasado ao traballo con todos os aspectos do benestar do noso alumnado, cremos moi importante seguir mellorando e aplicando diversas estratexias para lograr educar a cidadáns expertos neste tema. Cando falamos de vida saudable

pensamos en sentirnos ben tanto por dentro como por fora, a través da alimentación, do exercizo físico e sentímonos ben axudando aos demais.

-Observar e optimizar a práctica docente a través da observación inter-pares e inter-centros

Cremos na colaboración e na aprendizaxe conxunta. Xa temos establecidos no noso PEC protocolos de traballo para coordinarnos e compartir experiencias e así levar a cabo de xeito máis eficiente a nosa práctica docente.

Aprendemos e avanzamos xuntos cara a unha mellor calidade do ensino.

-Deseñar e implementar a avaliar estratexias de desenvolvemento sostible

Debemos asegurarnos que as medidas tomadas e que favorecen a práctica docente non son abandonadas ou sedimentadas no esquecemento así que cada comezo de curso faise unha formación inicial para os membros novos do claustro e que actualiza a todos os demais.

Igualmente todas as decisións importantes e acordos tomados quedan rexistrados no noso PEC a través da CCP que é de obrigado cumprimento.

✓ **3.3 CONTEXTO EDUCATIVO**

Actualmente o centro está envolto en practicas innovadoras que poden ser observables por outros centros

PROXECTO 22-23

No CEP Plurilingüe de Riomaioir e despois de levar a cabo a elaboración das memorias do curso 21-22, establecemos uns obxectivos de mellora, e tras ter observado diferentes propostas de traballo por ámbitos noutros centros descartamos esta opción por varios motivos, entre eles a falta de profesorado definitivo (unha xubilación, un titor en exteriores e a orientadora realizando un proxecto no exterior).

O profesorado do noso centro esta comprometido co avance cara a una mellora da calidade do ensino e a innovación metodolóxica, polo que a nosa proposta cara este eido foi plantexar un proxecto menos ambicioso e de transición, que dentro das nosas posibilidades, é viable, tendo en conta os recursos humanos dos que dispoñemos, e no que garantimos o éxito coa implicación do 100% do profesorado e xa está incluído na nosa programación neste curso 2022-23 .

Despois de ter en conta as propostas do noso alumnado e realizar unha chuvia de ideas co profesorado, escollemos un enfoque cara a creatividade como tema condutor das actividades propostas. Igualmente completamos o noso proxecto con gamificación nas actividades como elemento motivador . Desde xeito a nosa proposta de traballo é do seguinte xeito:



1- Creamos un novo Cobres “NEWCOBRES” e organizamos ao noso alumnado en grupos cooperativos multinivel, competencia e xénero de 1º a 6º. Deste xeito, contamos con 5 grupos de 20-22 alumnos coa atención de dous mestres/mestras. Estes grupos están baixo o nome dunha casa que os unifica(gamificación):

- A-Vixiantes das illas
- B- Custodios das Salinas
- C-Xinetes de Castiñeiras
- D-Mareantes da Enseada (de San Simón)
- E-Valedores dos muíños.

Os nomes destas casa están relacionados con elementos significativos da contorna, xa que a filosofía do noso centro e do equipo de dinamización lingüística é abrir as portas cara a comunidade á vez que coidamos do patrimonio cultural e da nosa lingua.

2--O alumnado recibe puntos polo desempeño de actividades, boas actitudes de convivencia, consumo de produtos saudables como froita e verdura nas súas parvas diarias, lectura de libros da biblioteca ou uso do galego ou inglés nas súas intervencións orais diarias. Farán unha sume persoal de equipo. Esta actividade pretende aumentar a motivación, o esforzo e mellora na calidade do traballo, a autonomía , responsabilidade e implicación , tanto nas tarefas integradas como no traballo de aula diario(gamificación).

3-No mes de setembro todas as casas realizaron actividades de coñecemento do grupo e cohesión; e deseñaron o seu logo confeccionando un escudo con animais fantásticos creados por eles e alusivos ao espazo natural da súa casa.

4-Dedicamos catro sesións semanais ao traballo nun proxecto competencial interdisciplinar. Estas catro sesións organízanse en dous días diferentes e de dúas sesións cada un. Realízase unha tarefa previamente planificada e informada ao alumnado.

TAREFA MULTIDISCIPLINAR	
Mércores dúas últimas sesións	Xoves dúas primeiras sesións
Explicación da tarefa e da rúbrica de avaliación da mesma	REUNIÓN CASAS Avaliación dos puntos acadados na semana Motivación e reforzo positivo para o grupo.
Inicio da actividade:	-Execución e finalización da tarefa.

<ul style="list-style-type: none"> -Selección de equipos -Planificación da tarefa -Comezo da execución 	<p>Avaliación grupal do equipo</p> <p>Profesorado avalía casa, tarefa e práctica docente.</p>
---	---

5-Todas as casas traballan nas diferentes tarefas a realizar. Van rotando ata realizar alomenos dez tarefas diferentes por trimestre.

6-As tarefas implican diferentes materias e competencias, con posibilidade de participación en niveis de traballo adaptados ás diferentes idades. O profesorado estaría adxudicado ás diferentes tarefas pero abriríase a posibilidade de colaboración en momentos puntuais para resolver un problema ou aspecto da tarefa.

7- Avalíanse as tarefas e trasládase a avaliación ao titor para a sedimentación nas materias que correspondesen.

6- Todas as materias e competencias son traballadas nos diferentes obradoiros ou proxectos interdisciplinares (nos cinco de cada rotación)

7- O alumnado traballa en equipos liderado por un capitán de proxecto.

Propostas doutras posibles tarefas como exemplo.

8-As tarefas organízanse en torno a diferentes libros escritos por Xulio Verne, referente da creatividade e de mundos fantásticos. Os libros tomados como referente son:

Viaxe a lúa

A illa misteriosa

A volta ao mundo en 80 días.

Viaxe ao centro da Terra

20.000 leguas de viaxe submarino

EXEMPLO da PLANIFICACIÓN PROXECTO para os meses de outubro novembro e decembro





	5-6 OUTUBRO	12-13 OUTUBRO	19-20 OUTUBRO	26-27 OUTUBRO	2-3 NOVEMBRO
VIXIANTES DAS ILLAS	3	5	2	4	1
VALEDORES DOS MUÍÑOS	1	3	5	2	4
CUSTODIOS DAS SALINAS	4	1	3	5	2
MAREANTES DA ENSENADA	2	4	1	3	5
XINETES DE CASTIÑEIRAS	5	2	4	1	3
1-FOGUETE DE AUGA	2-ARTE ESPACIAL	3-PLATILLOS SAUDABLES	4-DE LA TIERRA A LA LUNA	5-HORARIO DAS ESTRELAS	

PLANIFICACIÓN PROXECTO “LA ISLA DEL TESORO”

	9-10 NOVEMBRO	16-17 NOVEMBRO	23-24 NOVEMBRO	30-1 DECEMBRO	14-15 DECEMBRO
VIXIANTES DAS ILLAS	3	5	2	4	1
VALEDORES DOS MUÍÑOS	1	3	5	2	4
CUSTODIOS DAS SALINAS	4	1	3	5	2
MAREANTES DA ENSENADA	2	4	1	3	5
XINETES DE CASTIÑEIRAS	5	2	4	1	3
Cociña. Isla ,misteriosa	2-SCAPE ROOM Creando misterios	3-O MISTERIO DO PAPEL RECICLADO	4-ISLA MISTERIOSA Bea S. + Tamara	5-BAILE da ILLA AFRICANO	

Iria +Bea R	Lara +Emilio	Carlos +Elena		CNegro +Raquel P.
-------------	--------------	---------------	--	-------------------

✓ 3.4 PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN.

O centro favorece calquera actividade de divulgación así como a participación en xornadas ou encontros que organice a rede de formación do profesorado para dar a coñecer as boas prácticas educativas ou de innovación levada a cabo no centro. Frecuentemente membros do noso claustro imparten formación en outros centros e comparten as experiencias adquiridas e as de deseño propio.

4. PARTICIPANTES

NOME	CARGO	CORREO	DNI
Negro Fernández, María Carmen	DIRECTORA	mnegro@edu.xunta.gal	36061850N
Ogando Suárez, María Montserrat	SECRETARIA	mogando@edu.xunta.gal	53111317Q
Pequeño González, Iria	MESTRE/A-TITORA-3 EP	iria.pequeno.gonzalez@edu.xunta.gal	53196655R
Taboada Valladares, Jesús Emilio	MESTRE/A-PT	etaboada@edu.xunta.gal	77007025N
Tamara Martínez Oseira	MESTRE/A-MÚSICA	tamoiseira@edu.xunta.gal	76908194N
Peón Silva, Raquel	MESTRE/A.TITORA 4ºEP	rpeon@edu.xunta.gal	35305959Q
Ramos Castro, María Ángeles	MESTRE/A-RELIXIÓN	ramoscastro@edu.xunta.gal	76808418X
Rodríguez Portela, María	MESTRE/A-TITORA 5º	mrportela@edu.xunta.gal	35456614K

Elena				
Somoza Pires, Beatriz	MESTRE/A- INGLÉS	somozapires@edu.xunta.gal		35560299E
Rey Molino, Lara	MESTRE/A- EF	lararey@edu.xunta.gal		77464908B
Rodríguez Vila, Beatriz	MESTRE/A- TITORA-2º	beatrizrodriguezvila@edu.xunta.gal		36112134H
Capelo Graña, Juan Carlos	MESTRE/A	carloscapelo@edu.xunta.gal		36172235C
Andrea Aleman Pastor	AUXILIAR	andrea.aleman-pastor@hotmail.com		Y8194150T

O claustro participa ao 100%

5. EXPERIENCIAS, PREMIOS E PARTICIPACIÓN EN PROXECTOS INSTITUCIONAIS

O NOSO CENTRO frecuentemente organiza experiencias a e actividades diferentes como mercadillos , festas temáticas para traballar a cultura doutros países , inmersións lingüísticas na contorna, no exterior como en Irlanda, talleres de cociña..., igualmente colabora en calquera actividade proposta por asociacións, concello, xuntas de montes para plantar arbores, limpar rios, ou traballar coas mariscadoras.

O centro ten acadado premios e recoñecemento por parte da Xunta de Galicia, acadando un segundo premio en innovación educativa e un primeiro de publicidade no proxecto Galicons .net, tres anos consecutivos o premio da Irmandade de Libreiros Galegos, premios en competicións deportivas, e tamén o de Voz Natura, e ten o premio máis importante que é o recoñecemento de toda a comunidade educativa tendo repercusión de todas a actividades a través na prensa local .

Contamos tamén coa colaboración do concello ; Anpa e demais asociacións veciñais e de montes de Vilaboa.

Vilaboa 16 novembro 2022